

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR/RA PARA O SERVIZO DE “ENCARGADO DE BIBLIOTECA” EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

1º. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante concurso de méritos e entrevista persoal dun/dunha encargado/a da biblioteca do Concello de Entrimo (Ourense) a contratar temporalmente, por obra ou servizo determinado, a media xornada.

O contrato articularase para servizo determinado, consistindo este na prestación do servizo de encargado de biblioteca, de luns a sábado.

2º.- Duración do contrato

O contrato será a media xornada, con duración de seis meses.


3º.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a.) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- b.) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c.) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- d.) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e.) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes.

4º.- Retribucións



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

As retribucións estipuladas para este posto de traballo ascenden a 436,44 euros brutos ó mes (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

5º.- Méritos que se valoran

A selección dos aspirantes realizarase por concurso de méritos e farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

1.- Por coñecemento do termo municipal de Entrimo. 2 puntos.
Valórase o empadramento no Concello de Entrimo. Achegarase certificado de empadramento.

2.- Por experiencia profesional:

a) Por servizos prestados na Administración Pública en postos de características similares ás do posto ofertado á que aspira en calidade de contratado laboral: 0,20 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,10 puntos por mes traballado a xornada parcial, ata un máximo de 2 puntos. Non se computarán as fraccións inferiores a un mes.

b) Por servizos prestados en calquera institución ou empresa privada en postos de características similares ás do posto á que aspira en calidade de contratado laboral: 0,10 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,05 puntos por mes traballado a xornada parcial, ata un máximo de 2 puntos. Non se computarán as fraccións inferiores a un mes.

3.- Polo título de bacharelato, de formación profesional de 2º grado ou equivalente ou titulación universitaria. 1 punto.

4.- Por cursos de formación relacionados co traballo a desenvolver, convocados por institucións públicas ou privadas con colaboración de organismos da Administración Pública e debidamente homologados, 0,25 por cada un, cun máximo de 1 punto

5.- Por demandante de emprego 2 puntos.


6.-Entrevista persoal, consistira en proba tipo test con 10 preguntas e tres respostas alternativas, con unha sola correcta, relativo ás materias obxecto do traballo a desenvolver e ademais as preguntas que a Comisión avaliadora teña por convenientes.....2 puntos.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida no punto 2. De persistir o empate terase en conta o maior tempo que leva na actualidade en situación de desemprego.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

6.- Forma e prazo de presentación de solicitudes

As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo deberán face-la solicitude mediante modelo normalizado, a facilitar nas oficinas municipais, no que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira da presente convocatoria.



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

A solicitude deberá presentarse no prazo de 5 días naturais no Rexistro Xeral do Concello de 09:00 a 14:00 horas ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó Concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988434610).

O referido prazo computarase a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da presente convocatoria no BOP.

Á instancia achegarase os seguintes documentos:

- a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b) Relación dos méritos alegados.
- c) Xustificantes dos méritos alegados mediante certificacións ou copias debidamente validadas.
- d) Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como a de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade prevista na lexislación vixente (anexo II)
- e) Certificado médico ou declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III)

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

Os méritos non xustificadas documentalmente non serán obxecto de valoración.


Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

7º.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Entrimo. Nesta lista indícarase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a composición da comisión avaliadora, así como o lugar, data e hora de reunión da mesma.

Se non existisen candidatos excluídos o alcalde elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

8º.- Selección e proposta de nomeamento.

A designación dos membros da Comisión avaliadora deberá incluír a designación do Presidente, vogais e secretario.

Os membros da Comisión avaliadora deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada.

Para a válida constitución e actuación da Comisión avaliadora, requirirase a presenza de alomenos tres membros titulares ou suplentes con dereito a voto e sempre a presenza do Presidente e a do secretario.

Facúltase ó Tribunal para resolve-las dúbidas que xurdan e toma-los acordos necesarios para ordenar as probas en todo aquilo non previsto nas presentes Bases.

A Comisión de valoración propondrá ao Alcalde o nomeamento do candidato que obteña maior puntuación e esta proposta de nomeamento será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

9º.- Nomeamento


A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso de méritos e o Tribunal terá en conta os criterios preferenciais.

Concluída a cualificación do proceso selectivo, a contratación efectuarase por resolución da Alcaldía, logo da proposta do Tribunal cualificador, que propondrá ó candidato que maior puntuación obtivese. Para efectuar esta proposta, o Tribunal poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes. Os restantes candidatos e pola orde de puntuación na fase de valoración de méritos, formaran parte da lista de contratación para ser chamados sen que sexa preciso convocar un novo proceso selectivo. O funcionamento será o seguinte: o seleccionado traballará seis meses e rematado este prazo pasará ao último lugar da lista de contratación e contratarase ao segundo da lista por outros seis meses e así sucesivamente. Este proceso de contratación interrumpirase ao final desta lexislatura de xeito que o traballador que esté traballando no mes de maio de 2019 será o último contratado en función deste proceso selectivo.

Establécese un periodo de proba conforme ó art. 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este periodo, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito. Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer-los recursos previstos na lexislación vixente.

Quen sen causa xustificada non concorre a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Entrimo, 24 de setembro de 2015.


O Alcalde

Asdo. Ramón Alonso López.



Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 24/09/2015.

A Secretaria-Interventora. Asdo. Rocío Costoyas Riveiro



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

ANEXO I

Modelo de instancia:

“D./D^a....., con
D.N.I....., con domicilio a estes efectos
en..... e-
mail..... e nº de teléfono....., expón:


Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Entrimo para cubrir, como persoal laboral de duración determinada dun encargado da biblioteca municipal, tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, certificado de empadramento, xustificación de ser demandante de emprego...)

En....., a de.....de 20
O/A Solicitante

Asdo:.....”

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ENTRIMO



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

ANEXO II

Modelo de instancia:

“D./D^a....., con
D.N.I....., con domicilio a estes efectos
en.....”

DECLARA baixo xuramento ou promete, ó efecto de ser admitido no proceso selectivo para a contratación dun encargado da biblioteca municipal, e, no seu caso, ó efecto da formalización do correspondente contrato de traballo, que:


- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

En....., a de.....de 20
O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ENTRIMO



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrino@eidolocal.es*

D./D^a....., con
D.N.I....., con domicilio a estes efectos
en.....,

DECLARA non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo de encargado da biblioteca municipal.

En....., a de..... de 20
O/A Solicitante

Asdo.:.....

